




**Deputación  
Pontevedra**

Grupo Provincial Bloque Nacionalista Galego



Pazo Deputación Provincial  
Ayda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra  
Teléfono: +34 986 804 100  
www.depo.es

O abaixo asinante, **Daniel Rodas Chapela**, Deputado Provincial do Bloque Nacionalista Galego, presenta a seguinte Moción relativa a **construción dunha entrada e saída en dirección a Vigo a altura da Barbeira (Figueirido)**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Corporación municipal de Vilaboa vense pronunciando novamente sobre a necesidade de contar con una comunicación coa AP-9 desde o enlace da Barbeira en Figueirido. Dita conexión consistiría na construción dun carril de incorporación e outro de saída con dirección a Vigo nas proximidades da estación de peaxe, e suporía facilitar a comunicación coa cidade olívica dos concellos de Vilaboa, Soutomaio e parroquias de Pontevedra, e completar os desprazamentos de vehículos entre a N-550 e a AP-9.

Na sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial do día, 30 de xuño de 2004, tamén era aprobada, por unanimidade, una Moción, a iniciativa do grupo Popular solicitando a conexión coa autoestrada A-9 a altura de Vilaboa, aducindo que era lóxico pensar que desde que comezara a funcionar o primeiro tramo de autoestrada do Atlántico, aló polo ano 1976, tiñan xurdido outras necesidades que o proxecto inicial non contemplaba e que era necesario complementar. Dita iniciativa, dicía o Presidente, nacía das conversas que el persoalmente viña mantendo con AUDASA.

Por todo o exposto, o grupo provincial do B.N.G. presenta esta MOCIÓN e solicita o voto favorábel do Pleno da Corporación Provincial para a adopción do seguinte

### ACORDO:

**Que o Pleno da Corporación Provincial se dirixa á concesionaria AUDASA, ao Ministerio de Fomento e demais organismos competentes, solicitando a construción dunha entrada e saída da AP-9 en dirección a Vigo á altura da Barbeira (Figueirido)**

Pontevedra, 5 de xuño de 2009

Asdo. Daniel Rodas Chapela  
Deputado Provincial do B.N.G.